



### **CIRCULAR 9/2004 DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSEÑANZAS ESPECIAIS POLA QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN E A AVALIACIÓN DO ALUMNADO NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA.**

O Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria establece no artigo 2º que as Escolas Oficiais de Idiomas rexeranse por este regulamento ademais das normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas.

Dadas as mesmas, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais publicou a Circular 19/2003 na que se estableceron unhas instrucións que se adaptaban ás propias peculiaridades das Escolas Oficiais de Idiomas.

Na situación actual o sistema educativo está pendente de experimentar importantes modificacións que van a afectar ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. Neste senso a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria á espera desas actualizacións e modificacións trala Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación (BOE, 24/12/02), e da súa regulación polo Real Decreto 944/2003, de 18 de xullo, (BOE, 31/07/2003) polo que se establece a estrutura das ensinanzas de idiomas de réxime especial; e tratando de atende-las demandas que se veñen facendo en relación a admisión e avaliación do alumnado considerase conveniente establecer estas Instrucións

En consecuencia, esta Dirección Xeral

### **DISPÓN**

#### **Condições xerais de acceso**

1.- Segundo establece a Lei Orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de Calidade da Educación (BOE; 24/12/02), no título II, apartado 4, correspondente ás ensinanzas de idiomas de réxime especial o alumnado que acceda a estas ensinanzas terá que ter cursado os dous primeiros cursos da Ensinanza Secundaria Obrigatoria ou estar en posesión dos título de Graduado Escolar, do certificado de Escolaridade ou de Estudos Primarios.

2.- Sen prexuízo do cumprimento dos requisitos académicos establecidos no apartado anterior, o alumnado que dispoña de coñecementos previos do idioma poderán



## E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

incorporarse a calquera nivel sempre que acredite os coñecementos precisos, dacordo co que establecen as Circulares 23/2002 e 1/2004 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais de acceso directo ó 2º e 3º curso do ciclo elemental e de probas de nivel respectivamente.

### I. ADMISIÓN DE ALUMNADO

#### Alumnado presencial na escola oficial de idiomas

3.- Corresponde ás Administracións educativas das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, dictar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto no Real Decreto 944/2003

#### 4.- Zonas de influencia das escolas oficiais de idiomas

En caso de necesidade para o acceso terase en conta a zona de influencia de cada unha das escolas oficiais de idiomas da Comunidade segundo se recolle no *Anexo I* desta Circular. Os alumnos que desexen someterse ó proceso de admisión nunha escola pertencente a unha zona de influencia distinta da que lle corresponde, terá que presentar xustificación documental (certificado de empadramento, xustificante de matrícula de centros educativos de secundaria ou universitaria, certificado de empresa, etc.) das razóns que alega. Estas serán valoradas pola dirección da escola que lle comunicará ó petionario a decisión adoptada.

#### 5.- Acceso ó primeiro curso e proceso de admisión

No mes de xullo poderá reservar praza para o primeiro curso o seguinte alumnado:

- 5.1. Alumnado coa cualificación de “Apto” na última convocatoria de xuño do mesmo ano académico en calquera dos cursos dun idioma diferente ó que se quere acceder.
- 5.2. Unha vez rematado o proceso co alumnado incluído no punto anterior, realizarase unha preinscripción para os aspirantes a matricularse no primeiro curso nas datas que cada escola estime máis oportunas para unha correcta organización do proceso.
- 5.3. Finalizado o período de preinscripción, o consello escolar da escola oficial de idiomas levará a cabo un sorteo público para conceder as prazas vacantes ós alumnos preinscritos.
- 5.4. Segundo as necesidades da escola:
  - 5.5.1. Non se permitirá preinscribirse ó alumnado con baixa de oficio por non incorporación no último curso escolar, segundo as condicións establecidas na Circular 10/2004 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.



- 5.5.2. Tampouco poderá preinscribirse o alumnado no mesmo idioma e curso que tendo perdido o dereito á avaliación continua no último curso escolar, non se presentou á convocatoria ordinaria de xuño nin á extraordinaria do mes de setembro.
- 5.5.3. Igualmente, tampouco poderá preinscribirse o alumnado que procedente doutra zona de influencia distinta non teña presentado xustificación documental segundo o contemplado no punto 4.
- 5.6. Unha vez realizado o sorteo e adxudicadas as prazas, as escolas organizarán o proceso de matriculación do alumnado admitido durante o mes de xullo.
- 5.7. O alumnado que teña cursado o primeiro curso dun idioma coa cualificación de Non Apto en xuño e/ou setembro poderá matricularse de novo nese curso e idioma no mes de setembro e nas datas establecidas por cada escola; así como o alumnado coa cualificación de “Apto” na convocatoria de xuño do mesmo ano académico en calquera dos cursos dun idioma diferente ó que se quere acceder. Así mesmo, unha vez matriculado o alumnado arriba mencionado e de dispor de prazas vacantes, as escolas poderán establecer o correspondente período de matrícula para o alumnado que poida optar ás mesmas.

## **6.- Proceso de matriculación dos alumnos dos cursos de 2º a 5º**

- 6.1. Establécense dous períodos, nas datas que cada escola considere máis oportunas e coa orde de preferencia do alumnado que de seguido se detalla.
- 6.2. No mes de xullo:  
Alumnado oficial presencial da propia EOI APTO na convocatoria de xuño dese curso escolar.
- 6.3. No mes de setembro:
- 6.3.1. Alumnado oficial presencial da propia escola APTO na convocatoria de xuño dese curso académico, que non puidese matricularse no mes de xullo.
- 6.3.2. Alumnado oficial presencial da propia escola APTO en setembro ou NON APTO en xuño ou setembro dese curso académico.



## E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

- 6.3.3. Alumnado do programa de inglés a distancia That's English e do plan de potenciación de idiomas estranxeiros ou de formación complementaria en línguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria, en ambos casos da propia escola e APTO nas convocatorias de xuño ou setembro dese curso académico e que teñan que incorporarse, por rematar o ciclo elemental ou por causas debidamente xustificadas ante o consello escolar, á ensinanza presencial.
- 6.3.4. Alumnos que accedan ó segundo ou terceiro curso por ter superada a proba de nivel nese ano académico ou accedan mediante titulacións que permitan o acceso directo a ditos cursos, segundo se recolle na Circular 23/2002 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.
- 6.3.5. Alumnos que pasan da ensinanza libre á oficial nese curso académico.
- 6.3.6. Antigos alumnos da propia escola.
- 6.3.7. Alumnos da propia escola que renunciaran á matrícula no último curso académico.
- 6.3.8. Alumnado que non estea contemplado nalgún dos apartados anteriores.
- 6.3.9. Rematado o proceso de admisión descrito nos puntos anteriores e si houberse vacantes:
  - 6.3.9.1. Alumnado do mesmo idioma e curso que tendo perdido o dereito á avaliación continua non se presentara á convocatoria extraordinaria no último curso escolar
  - 6.3.9.2. Baixas de oficio de alumnos oficiais no mesmo idioma, por non incorporación no último curso escolar.
- 6.4. O alumnado que non se matricule no prazo establecido para o grupo e queda á que pertenza poderá facelo nos prazos establecidos para os grupos posteriores ó seu, pero unicamente no caso de que queden prazos disponibles.
- 6.5. No caso de español para estranxeiros, a admisión de alumnado rexirase pola resolución da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional.



## E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

### 7.- Renuncia á matrícula.

7.1.- Antes do 30 de abril, o alumnado poderá renunciar á matrícula cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Enfermidade prolongada física ou psíquica que lle impida continua-los seus estudos.
- b) Incorporación laboral.
- c) Calquera outra circunstancia sobrevida no transcurso do curso escolar que, a xuízo da Dirección, lle impida continua-los seus estudos.

7.2.- Estas circunstancias xustificaranse documentalmente e, se non fose posible a xustificación, irán acompañadas dun informe motivado da Dirección que se incorporará ó expediente do alumno.

## II. AVALIACIÓN

### Alumnado presencial na escola oficial de idiomas

8.- A avaliación continua é aplicable ó longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe e require a asistencia regular do alumnado ás clases.

9.- Tódolos grupos de tódolos idiomas terán como mínimo unha avaliación parcial no mes de febreiro e outra final no mes de xuño. As avaliacións parciais non implicarán supresión de actividade lectiva algunha.

9.1. As avaliacións parciais valerán alomenos o 30% da cualificación final podendo os departamentos de cada idioma darlles unha porcentaxe maior de ata o 50% se así o estimaren procedente e expresarase en termos numéricos do 1 ó 10 con unha cifra decimal, en tramos de medio punto, se fose o caso.

9.2. A proba final de xuño terá un carácter global e constará alomenos de dúas partes, unha escrita e outra oral, podendo ser a primeira eliminatoria, a criterio do departamento.

9.3. A avaliación final de xuño valerá alomenos un 50% da cualificación final podendo chegar ata un 70% a criterio do departamento do idioma correspondente.



## E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

- 9.4. No caso de avaliación positiva dalgunha das partes na avaliación final da convocatoria ordinaria de xuño, poderase manter esa cualificación para a proba extraordinaria de setembro.
  - 9.5. A convocatoria extraordinaria de setembro constará alomenos de dúas partes, unha escrita e outra oral, podendo ser a primeira eliminatoria, a criterio do departamento.
  - 9.6. Respecto á parte oral das probas finais de xuño e setembro, os departamentos establecerán o sistema máis adecuado para rexistrar diferentes aspectos da produción oral do alumnado (ben en soporte papel e/ou grabación).
- 10.- A cualificación final será a media ponderada das avaliacións parciais, e expresarse en termos numéricos do 1 ó 10 con unha cifra decimal, en tramos de medio punto, se fose o caso.
- 11.- Na certificación oficial da EOI constará o termo APTO e entre paréntese a cualificación de 5 ata 10 con unha cifra decimal, en tramos de medio punto, se fose o caso. No caso de que a cualificación numérica sexa inferior a 5, o termo será NON APTO sen cualificación numérica.
- 11.1. Na convocatoria de xuño a cualificación será de APTO ou NON APTO.
  - 11.2. Na convocatoria extraordinaria de setembro a cualificación poderá ser APTO, NON APTO ou non presentado (N.P).
  - 11.3. Os alumnos recibirán un documento oficial (*Anexo II*) coa notificación das cualificacións parciais, finais e extraordinaria se fose o caso.

## 12.- Cursos cuatrimestrais

- 12.1. Haberá como mínimo dúas avaliacións parciais:
  - Unha parcial ó remata-lo 2º mes.
  - Outra final ó remata-los catro meses.
- 12.2. O procedemento para establece-la nota final, será o mesmo que para os cursos anuais.
- 12.3. Os alumnos que rematen o curso cuatrimestral coa cualificación de “Non Apto” disporán nese mesmo curso académico unicamente da proba extraordinaria de setembro.



## E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

13.- En cada escola, a proba final de xuño e setembro en 3º e en 5º curso será única para tódolos grupos do mesmo idioma e terá lugar na mesma data e hora, e de acordo coa orde de calendario escolar anual.

14.- Para unha correcta aplicación da avaliación continua será obrigatorio por parte do profesor o control da asistencia ás clases dos alumnos (*anexo III*).

15.- A perda da avaliación continua tanto nos cursos anuais como nos cuadrimestrais, producirase no caso de que o alumnado acumule máis dun 20% de faltas de asistencia xustificadas ou dun 10% de faltas de asistencia sen xustificar das horas totais do idioma impartido.

16.- O alumnado que perda ó dereito á avaliación continua terá dereito a examinarse na convocatoria ordinaria final de xuño e na extraordinaria de setembro.

No caso dos cursos cuadrimestrais o alumnado terá dereito a examinarse na proba final do correspondente curso cuadrimestral así como na convocatoria extraordinaria de setembro.

### **17.- Alumnado de ensinanza libre.**

17.1. O alumnado de ensinanza libre terá dereito ás convocatorias de xuño e setembro.

17.2. Poderanse cursar os dous ciclos polo réxime de ensino libre consecutivamente na mesma convocatoria, quedando a presentación ó exame do ciclo superior condicionada á superación do ciclo elemental.

17.3. No caso do ciclo elemental e ciclo superior se o alumno supera algunha das partes da proba escrita poderáselle manter a cualificación para a convocatoria de setembro dese mesmo curso.

17.4. O prazo de matrícula libre será do 15 de febreiro ó 5 de marzo.

18.- O alumnado do programa de inglés a distancia "That's English!" e o alumnado oficial de escola impartido nos institutos de educación secundaria rexeranse pola súa propia normativa no referido ós temas desta circular.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2004



**XUNTA DE GALICIA**

**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

Edf. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar  
15781 – Santiago de Compostela  
Tlf.: 981546561 Fax: 981546551

**A DIRECTORA XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL  
E ENSINANZAS ESPECIAIS,**

Asdo.: M<sup>a</sup> Pilar del Mar Pérez Marsó